



RAMÓN VILLARES

Cazás, Xermade, Lugo, 1951

Licenciado en Filosofía e Letras e Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático de Historia Contemporánea da Facultade de

Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, da que durante anos foi Rector. É membro do Patronato do Museo do Pobo Galego e do Instituto de Estudios Galegos “Padre Sarmiento”. O seu labor de investigación e divulgación sobre a historia de Galicia reflíctese en numerosas publicacións.




A HISTORIA DE GALICIA NA OBRA DE OTERO PEDRAYO: TERRA E MEMORIA

Ramón Villares

Manuel Murguía.

O cultivo da historia é indisociable do proceso de formación do pensamento nacionalista galego, que tivo nos historiadores románticos os seus primeiros alicerces. O patriarca Murguía foi o grande arquitecto da definición de Galicia con categorías historicistas, mediante o recurso a un tema forte como foi o do celtismo. Os seus herdeiros da Xeración *Nós* aproveitaron este legado e volveron a construír unha teoría interpretativa de Galicia como nación-cultura, na que a historia tiña de novo un papel angular. Tal vez esta historización do pensamento nacionalista do primeiro tercio do século XX non fose tan nidia coma no caso de Murguía, pero é claro que todo o grupo das Irmandades e de *Nós* prestou unha atención preferente ao estudo do pasado históri-






Ortega e Gasset. Debuxo de I. Zuloaga.

co de Galicia (nomeadamente, a través do *Seminario de Estudos Galegos*, fundado en 1923) e mesmo loitou por erguer algúns “lugares de memoria” significativos, desde a heroización do mariscal Pardo de Cela ata a fixación da festa nacional de Galicia polo 25 de xullo.

Fixeron estes devanceiros o mesmo traballo que moitos dos seus colegas intelectuais de media Europa. Por non ir procurar referencias lonxanas (desde Portugal ata Alemaña), abonde lembrar a recuperación sistemática –en clave castelanista– que fixo da historia de España a xeración de 1914, con Ortega y Gasset ou Menéndez Pidal de grandes cabezaleiros e co *Centro de Estudos Históricos* (fundado en 1910), como axente institucional decisivo na pesquisa do pasado histórico español. Foi tamén a época na que os intelectuais cataláns, azunados por Prat de la Riba e agrupados en torno ao *Institut d'Estudis Catalans*, fundado en 1907, desenvolveron un programa de recuperación da cultura histórica e artística catalana, do que foron figuras senlleiras Pompeu Fabra, Pijoan, Bosch Gimpera ou Valls-Taberner. E algo semellante se podería dicir dos intelectuais vascos vence-

llados ao proxecto nacionalista representado polo PNV, que tamén ergueron unha institución representativa como a *Sociedad de Estudios Vascos*, fundada en 1918.


A obra dos intelectuais galeguistas do primeiro tercio do século XX hai que enxergala precisamente nesta ampla onda europea que cargaba na alforxa dos seus guieiros intelectuais a tarefa de lograr unha nacionalización do pasado. No noso caso, grande parte da prosa de Risco ou de Castelao, por non mencionar a de Cuevillas ou os irmáns Vilar Ponte, está chea de referencias á historia de Galicia, cando non fica reflectida en pequenos manuais e obras de síntese. O propio Castelao verquerá logo, no seu *Sempre en Galiza* (1944), unha grande cantidade de información sobre a historia (e a tradición) de Galicia, tirada de todos estes traballos que arrancan do romantismo e chegan ata os tempos das Irmandades. Neste contexto, unha achega especial constituíuna





Ramón Otero Pedrayo, que fixo do ven-
cello coa terra –panteísmo case cósmico- e da solidariedade “more
Renan” cos seus devanceiros
familiares e colectivos –a
memoria persoal e colecti-
va- a fonte básica da súa
cosmovisión. Nas liñas que
seguen farei un breve per-
curso polo método, a obra
e os “loci” históricos pre-
dilectos do señor de
Trasalba.

Hai que comezar por reco-
ñecer que resulta difícil
catalogar a figura intelectual
de Otero Pedrayo, dada a
diversidade temática que
caracteriza a súa obra. Se nos
atemos á súa dedicación profe-
sional, é a xeografía a disciplina
que mellor lle acaería. Da análise
xeográfica dunha aldea galega tra-
tou un dos seus primeiros traballos
publicados. De xeografía puxo escola
na universidade compostelá, nos últimos anos da
súa vida profesional en activo, aqueles anos que
segundo confesión propia foron “os máis ledos da
miña vida”. Do seu ollo especializado na percep-
ción da paisaxe abrollou unha das súas obras máis
perennes, como foi a *Guía de Galicia*. E se da ad-
scripción profesional pasamos á avaliación conxun-
ta da obra oteriana, teríamos como ponla máis
vizosa da súa árbore intelectual a formada por
romances, contos ou mesmo unha grande parte da
producción verquida en revistas e xornais, por non
falar da súa faciana como político ou do seu labor
como conferenciante. Un profesional da xeografía,
un escritor literario como vocación intelectual, un
político activo ata 1936 (e firme no silencio, des-
pois desa data). ¿Hai lugar para o oficio do histo-
riador?. Penso que sí, e aínda direi máis: a historia é
o escenario predilecto de toda a obra de Otero
Pedrayo, como corresponde a un pensador de
fonda raigame romántica, que tende a procurar na
Historia a lóxica dunha cosmovisión organicista. As
súas lecturas de filósofos e escritores da *fin de siè-
cle*, xeralmente vitalistas e irracionalistas (desde




Marcelo Macías.

Bergson ou Keyserling ata Baudelaire ou
Barrès) acabaron por lle conformar un
estilo intelectual que encaixou ben
coa súa propia experiencia de
intelectual dunha nación en
construcción.

Da xeografía á historia

A formación intelectual de
Otero, como a de varios
dos seus colegas da
Xeración *Nós*, ten sido con-
tada polos propios protago-
nistas en obras como o
romance oteriano *Arredor de
sí*, ou o ensaio risquián “Nos, os
inadaptados”. Estudantes uni-
versitarios de dereito ou letras,
foron sobre todo autodidactas,
aproximándose á cultura europea
do momento a través do torno da
lingua francesa. Alén das súas que-
rencias literarias e artísticas, cheas de
esteticismo e dun vitalismo de inspiración bergso-
niana, que cadran ben coas tendencias intelectuais
de principios do século XX, en Otero houbo desde
a época estudiantil unha paixón polo estudio da
historia, sobre todo a de carácter institucional. Era
a historia que lle ensinara en Ourense Marcelo
Macías e, en Madrid, Eduardo de Hinojosa, un dos
seus profesores máis estimados nas aulas de San
Bernardo.

As lecturas de obras de xeografía tampouco o
aloxaban de vez do ámbito da historia. A ciencia
xeográfica francesa, inspirada daquela pola magna
figura de Vidal de la Blache, era unha disciplina
que estaba debuzada no estudio da formación das
paisaxes agrarias e na relación que o home esta-
blecía, ao longo do tempo, co medio físico. O lugar
de encontro destas preocupacións era a rexión,
porque era nela onde se podía medir con preci-
sión a relación entre aspectos físicos e humanos. A
xeografía, entendida como un saber que dá conta
tanto do lugar como do home, foi unha ferramen-
ta decisiva para o achegamento de Otero ao estu-



dio de Galicia como unha realidade histórica definida en termos espaciais como unha rexión e, en termos culturais, como unha nación-cultura.

A esta influencia da xeografía, hai que engadir que en Otero desempeñou un papel fundamental a memoria, tanto a propiamente persoal, como a familiar ou a colectiva representada pola comunidade campesiña da súa aldea de Trasalba ou a máis requintada da súa xínea familiar, entre fidalga e pequeno-burguesa de profesións liberais, como era o seu propio pai. Os contos da aboa constituíen, en Otero, un venero que hoxe se chama historia oral. Porque para o petrucio de Trasalba, de sentimentos neorrománticos e intuitivos, un dato singular adquire un valor de significación propia. Así puido dicir, relembando a súa experiencia de

estudiante madrileño, que “se souperamos o decorrer das vidas que se sucederon nunha casa de hóspedes da rúa Jacometrezzo de 1860 a 1900, saberíamos máis do dezanove español que estudiando todas as leises, todos os libros, todas as coleccións lexislativas do tempo”. Unha boa definición do que hoxe chamamos a microhistoria

Esta posición metodolóxica foi mantida por Otero durante toda a súa longa vida. Decote tentou de facer unha mestura entre o “método da intuición” –que foi práctica ben común nas ciencias sociais da época de entreguerras– cun empirismo fundado na consulta exhaustiva dos textos clásicos e da bibliografía coetánea. Toda a literatura culta galega, desde Orosio ou Martiño de Dumio, ata a *Historia Compostelana* dos tempos de Xelmírez, ou as diversas crónicas e historias de Galicia dos séculos XVII e XVIII (as de Castellá y Ferrer, Gándara, Huerta y Vega, Seguin, Sobreira) están sempre na punta da pluma oteriana. E xa non digamos as obras de historiadores románticos do XIX, desde Vereá ata o grande Murguía, polo que sente unha grande atracción. Do *Discurso Preliminar* que precede á magna obra de Murguía, di Otero que se trata dun “outo e gasalleiro portal, como de fidalgo e campesío pazo das mellores lembranzas” para os membros da xeración oteriana. As obras de Otero de investigación histórica, como as dedicadas ao estudo dos tempos da exclaustación, os cambios da cidade de Ourense ou a doutrina foral, están adornadas dunha enorme precisión, que non ten nada que ver coa liberdade imaxinativa que se pode atopar (e non sempre) en contos e romances. Como confesa en 1973, “xa non podo facer esculcas nos arquivos polo frío”, pero reconece que dispón de “estaxes de papeletas, moitos libros e recordos de cousas sentidas aos vellos”.

Papeletas e recordos. Mais unha vez, memoria ancorada e memoria sentida e percibida persoalmente. Esta conxunción de tan diferentes fontes de inspiración é a que concede a Otero un elevado grao de modernidade nos seus resultados historiográficos. Porque lle permite superar o plano estrictamente empirista e tratar asuntos que estaban moi alonxados da historia *tout court* que daquela se practicaba. ¿Onde se atopa, nos textos de historiadores coetáneos, unha miga de atención




ás cousas miúdas dunha aldea ou dun pazo? A aproximación con método xeográfico –e mesmo antropolóxico– á vida dunha aldea como Trasalba, dividida entre as “campás de arriba” e as “campás de abaixo”, sitúa ao autor no ámbito de estudio dunha comunidade campesina. Non hai relato de feitos sinalados, nen heroización de grandes figuras. É unha historia das xentes sen historia.


Unha obra clásica

As achegas de Otero ao coñecemento da historia de Galicia son abondosas e, en moitos casos, constitúen obras de referencia para a reflexión histórica actual, por se teren convertido en textos clásicos, que son aqueles que non se cansan de que camiñemos subidos ao seu carrancho. Clásico é aquilo que terma de nós. Non é do caso facer un elenco bibliográfico dunha produción tan enorme, que se escorou máis claramente cara a pescuda histórica despois de 1936, culminando coa empresa –inacabada– de componse unha magna *Historia de Galicia*, publicada como nos tempos de Murguía pola colectividade galega de América, baixo o mecenato neste caso de M.Puente. No “prólogo” que compón Otero para esta ocasión dá conta da súa convicción de estar a inserir esta obra no longo ronsel da historiografía galega, desde as obras de Orosio ata os románticos do século XIX. Obras sinaladas saídas da pluma de Otero son a súa extensa biografía sobre o sabio bieito de Casdemiro (*El Padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*, 1972) ou a máis dunha ducia de pequenos artigos sobre temática ourensana, agabillados hai pouco nun volume polo Marcos Valcárcel. Acertos singulares son a súa obra póstuma *Galicia, una cultura de Occidente* (1976) ou, desde logo, a magnífica *Sintese histórica sobre a Galicia do século XVIII* (1969), parte incompleta da que sería a súa contribución persoal á Historia de Galicia por el mesmo dirixida.

Pero se houbera que mencionar un texto que responda a esta consideración de se ter convertido nun clásico da historiografía galega do século XX, sen ningunha dúbida cómpre citar o seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, publicado orixinalmente en castelán e moi axiña editado tamén



en galego (aínda que a redacción orixinal parece debeu ser feita en galego, como suxire a publicación parcial dun capítulo do libro na revista *Nós* en 1930, precisamente o dedicado á “Agua romana e a Barca apostólica”). Redactado a finais dos anos vinte, nunha das fases máis vixosas da biografía oteriana, esta aproximación ensaística ao conxunto do percorrer histórico galego fixou algunhas das ideas-forza da Xeración Nós no que se refire á definición de Galicia. Despois do esforzo historiográfico de Murguía, asentado no tema forte do celtismo, atopamos en Otero unha visión de Galicia menos étnica e máis cultural, menos pagana e máis cristián, menos aillada e máis conectada coa cultura occidental. A súa concepción de Galicia como unha cultura, tan emparentada coa tradición tedesca procedente da obra de Herder, é a versión en historia do que Risco quixo facer a través da etnografía e Cuevillas coa arqueoloxía. Un verdadeiro



plan intelectual no que o pasado e o presente estaban intimamente entrambicados, formando un tecido mesto e rochoso, insensible á erosión do tempo. A cultura galega existe porque viña de tempos recuados, o que lle garantía un porvir. O futuro chantado no pasado, como expresión máxima da historización do pensamento nacionalista.

Temas e espazos

A dimensión da obra oteriana descúbrese asemade na reiteración de temas e espazos concretos, que inzan tanto artigos cultos como obras literarias e visións xeográficas. ¿Qué mellor achega á historia

do século XIX que o romance *Os camiños da vida* ou qué mellor fixación do percurso seguido pola fidalguía galega no século XIX que o seu conto breve *O fidalgo* ou o romance *O mesón dos ermos*?. Hai temas e espazos que, por tan recurrentes, acaban por se converter en fitos demarcadores da cultura galega ou, alomenos, da cosmovisión elaborada polos intelectuais do grupo *Nós*. En primeiro lugar, atópase ún co propio espazo de Trasalba, que é a fonte de inspiración para interpretar a civilización rural de Galicia, o sentir dos labregos e a posición de fidalgos e frades. Unha parroquia de transición, entre a montaña e a bocarribeira, por onde transitaban os frades de Oseira cando ían ao seu priorato de Arrabaldo e a onde chegaban os ecos lonxanos da estrada. Unha parroquia na que ritmos e sazóns eran marcados pola espadaña da igrexa e polo ciprés do pazo, pero que tamén estaba próxima á capital das Burgas e á grande rexión vitícola galega, que aínda era daquela o Ribeiro de Avia.

Un segundo espazo privilexiado na obra de Otero son dúas cidades que, en certo modo, actúan de tipos ideais contrapostos. Dunha banda, a cidade de Ourense, estudiada na súa transición desde urbe episcopal e recollida, cara a conversión en capital política dunha provincia, na que emerxen novas figuras sociais e novos valores, representados no funcionario administrativo ou no comerciante de orixe foránea, que non é outro que ese Don Celidonio da prosa risquián de *O porco de pé*. E a cidade que experimenta un alargamento ou ensanche despois da revolución liberal, que crea un novo tecido urbano ordenado pola rúa, que non podía ter outro nome co de Progreso. A quintaesencia da urbe liberal decimonónica, amada coa distancia do morador temporeiro, pero que naceu (e logo tamén morrería) no cerne do seu casco histórico, na vella rúa dos Zapateiros, logo alcumada rúa da Paz para honrar o “abrazo” de Bergara, co que dera cabo a primeira das guerras carlistas. Ourense é a capital política dunha terra que ten valor de seu.

Doutra banda, a cidade de Compostela, á que Otero dedicou algúns das súas obras máis emblemáticas, como *O espello no serán*. Pero tamén a cidade compostelán é a morada da Galicia ideal que soñan os seus protagonistas, desde o Paio Soutelo de *Os camiños da vida* ata o Adrián Solovio de *Arredor*



de sí. Compostela é a cidade dos escritores románticos como Faraldo ou Neira de Mosquera que, como os poloneses ou os bretóns, redimen a súa patria do silencio; é a cidade dos poetas, como Aguirre e Pondal, que ergueron o seu copo no xantar de Conxo canda máns artesáns con callos de gubia. Pero Compostela tamén é a cidade agrandada por un arcebispo visionario e arroutado como Xelmírez, a quen segue con atención e curiosidade na súa romería ata Roma, e a cidade dos Fonseca, que ergueron a universidade e achegaron unhas pingas de humanismo. E, por riba de todo, é a cidade que reúne os dous estilos artísticos máis queridos por Otero: a gravidade do románico e a voluptuosidade do barroco. A metáfora da Galicia toda.

E logo están os “loci” máis espallados, onde moran moitos dos protagonistas de romances e contos, pero tamén de figuras históricas que son apreixadas mediante un rexistro literario que non está lonxe da prosa histórica. Son exemplos destes “loci” predilectos de Otero os pazos, como o de Doncos de Don Caitano ou o da Cuqueira de Adrián Silva, farturentos e envexados, ou o que tivo o Xepe, que xa está escanastrado e ermo. Son os prioratos e mosteiros, con Oseira e Arrabaldo sempre na primeira fila, pero tamén os torreóns das encomendas militares, os lugares nos que se desenvolven conflitos e se tecen esperanzas. Pero o máis rechamante do mundo histórico de Otero é que non se atopan “Gattopardos” lampedusianos, nen tan xiquera Ulloas pardobazanescos nen Bradomíns valleinclanescos. Son xentes e lugares máis ben humildosos e, por veces, cheos de saudades, conscentes de se atoparen no seu solpor, no tránsito cara outra estaxe histórica. Son figuras que case están a pedir perdón polos seus erros históricos, o máis grave de todos, o de non ter anoada a súa xínea coa defensa da identidade do país, como saudosamente deixa caer Otero nunha pasaxe do seu Ensaio, a propósito da primeira guerra carlista.

Fidalgos e labregos

Os arquetipos sociolóxicos da maior parte da obra oteriana están vencellados á civilización rural e, máis concretamente, á aldea, que é o núcleo central da visión que Otero ten da historia de Galicia.

Na súa *Síntese histórica do século XVIII*, di o noso autor que naquel período histórico “alenta inteira a aldea”, esa árbore robusta e firme que non son quen de abanear os ventos de lonxe, e que, pola contra, pode dixerir as novidades, desde o millo de América ata o liño do Báltico. A aldea como cepeira estable dunha colectividade humana tamén permanente. A aldea como estilo de vida, algo máis profundo do que un lugar de morada.

Pero a aldea non é algo uniforme. Nela hai diferentes clases sociais. Hai labregos, pero tamén fidalgos ou “señores da terra”, amalgamados pola forza doctrinal da Igrexa, representada por cregos e frades, algúns deles xa exclaustados. Os labregos son os depositarios das esencia patrias, o cerne da cultura milenaria, que manteñen non só a lingua dos antergos, senón os costumes e a devoción relixiosa. Os labregos son ahistóricos ou, dito nas súas propias verbas, “inmorredoiros” e, polo tanto, forman unha especie de bloque de granito que é o “elemento esencial” da historia de Galicia. Os labregos son “románicos” e teñen unha concepción do mundo como un retábulo (barroco), onde cadaquén está na súa hornacina. Aceptan un mundo de ritmos ptolemaicos, no que as relacións sociais están fixadas previamente. Na aldea, observa Otero en 1930, “o ano decorre nun tecido de relacións agardadas”. Nada se improvisa, porque terra e home camiñan acompasadamente.

Os fidalgos son os señores naturais da aldea, pero tamén os que tentan construír unha alta cultura. Os fidalgos len e viaxan, atopáanse en París con irmáns na desgracia nacional como os poloneses ou os bretóns, e acaban, como Adrián Silva no século XVIII ou Adrián Solovio, nos primeiros anos do século XX, por volver ás súas raíces, comprender a forza da cultura campesía que antes despreciaran e mesmo empregar a lingua galega. Foron poucos os fidalgos que colleron este camiño. Os máis, dados á esmorga, debullaron canto herdaran dos seus devanceiros e acabaron “amargurados” e de “de mal xenio”, polo remate do século XIX. Apenas tiveron sucesión. Na aldea non hai proletarios e moi poucos comerciantes. Cando estes chegan, como é o caso do “*Castellano*”, algo se esfarela na estrutura social da comunidade campesina. Introducen a práctica de mercar cousas a



diario e mesmo adquiren “señoríos por xunto”, esto é, facendas e rendas que malvenden os vellos señores da terra. Os fidalgos non logran comportarse como o príncipe Salina, nen os “castellanos” tenen a raposería de Don Calogero. Todo fica esbozrado, sen pacto social entre os falcóns abatidos e os pardáis que se volven farrucos. Outra metáfora máis da arquitectura histórica de Galicia.

Parece evidente que esta é unha visión idealizada do mundo rural, na que agroma unha posición claramente tradicionalista, que distera quen é e quen non é merecente de ser considerado propiamente membro desta comunidade rural, habitada basicamente por labregos e fidalgos. Pero non é unha pura invención oteriana. Na historia moderna de Galicia, o peso do mundo rural non admite ningunha dúbida. E o percurso seguido polas clases agrarias desde mediados do século XIX está basicamente reflectido nos relatos oterianos. E aínda habería que suliñar algo que comúnmente pasa desapercibido. Esta mitificación da Arcadia rural foi fenómeno dabondo común na cultura europea de entreguerras, sobre todo a de inspiración francesa, que tivo en Maurice Barrés –figura influente en todos os intelectuais peninsulares de principios do século XX, desde Ortega y Gasset ou Eugeni D’Ors ata portugueses como Leonardo Coimbra ou Antonio Sergio – o seu Moisés particular, un dos grandes inspiradores de gostos estéticos e de estilos literarios. Nos estudos de xeografía rexional de Francia tampouco hai industria, nen hai proletarios. Todos son paisanos. Tal como na Galicia oteriana.

O devalar do tempo

Alén desta visión idealizada e armoniosa do mundo rural, hai en Otero unha obsesión que está presente de forma sistemática en toda a súa obra e que, por riba de calquera outra, amosa a súa condición de historiador. Trátase da preocupación polo paso do tempo, da percepción do ritmo ordenado de épocas e sazóns, pero tamén do devalo ou declinar de casas fidalgas e valores campesiños. As mencións aos distintos ciclos do tempo son constantes, desde o tempo litúrxico e circular das “relacións agardadas” ata o tempo case cósmico da

unión panteísta do home coa natureza. Pero o ciclo temporal que máis preocupa a Otero é, precisamente, o tempo histórico, aquel que é movido pola acción humana.

O fondo desta preocupación acobilla unha vontade de explicación xenética da Galicia que Otero vivía e que, á súa maneira, tentaba transformar. A interpretación oteriana da historia moderna de Galicia resúmese na contraposición entre un tempo barroco de condición armoniosa e cuase perfecto (“dispacioso” como un “adagio” de Albinoni) e un tempo presente, no que aboian os conflitos provocados polo individualismo e pola mercantilización da relacións sociais. Hai en Otero unha tendencia a suliñar os aspectos negativos da modernidade, na medida na que aqueles desfiguraran a orde do mundo tradicional, de base rural no aspecto económico, e de condición paternalista e corporativo no aspecto social. A desamortización trouxo a enxurrada de exclaustrados e a desfeita de mosteiros e prioratos. As mudanzas do século XIX feriron de morte a fidalgos e labregos. Os primeiros foron abatidos pola tenda, pola estrada, polo ferrocarril e polo comerciante “castellano”. Os segundos, que aínda resistían en tempos de Otero, seguirían o mesmo camiño que os fidalgos, segundo a propia intuición oteriana. Algo estaba a mudar na aldea: “namentras as colleitas foron o signo da riqueza, non era posible a formación da burguesía”, aseveraba Otero en 1928. Anos andados, esta previsión fíxose realidade só a medias. Os petrucios campesiños non se volveron burgueses, malia a mercantilización de todo o seu proceso productivo. Pasaron de campesiños a agricultores. E os petrucios fidalgos xa se sabe como acabaron, cos eidos “ermos” ou en perigo de seren tripados polo landó dunha “sardiña en lata” (esto é, dun burgués filisteo) nunha rua de Compostela, como lle acontece ao protagonista do conto *O Fidalgo*

* * *

Pero esto xa nos desvía da obra oteriana. A súa grandeza estivo na capacidade de explicar boa parte da historia de Galicia dunha forma narrativa, aparentemente pouco rigorosa e académica, pero que no fondo resultou ser moito máis “inmordeira”, para empregar de novo palabra tan usada



pola Xeración Nós. E toda esta achega histórica foi posible gracias a esa feliz combinación de racionalidade e intuición que presidiu toda a executoria intelectual do patriarca de Trasalba, sempre fidel a unha tradición intelectual europea que ven desde o napolitano Vico ata os franceses Chateaubriand ou Barrés, pasando por tedesos coma Herder, Goethe ou Novalis. En realidade, todo o Parnaso intelectual máis crítico co racionalismo de inspiración ilustrada, que non era quen de ver na historia a peculiaridade dos pobos, nen a condición inefable dos individuos, é o que está na fonte de inspiración oteriana.

No remate dunha existencia longa, a experiencia do pasado pode ser definida na súa máxima sinxeleza, como un corpo despido de toda a follaxe que ano tras ano se vai pegando á pel da vida. Desde a lontananza dos seus ben cumpridos oitenta e seis anos, Otero confésalle ao mozo recién graduado que daquela era o Victor Freixanes (*Unha ducia de galegos*, 1976), que, certamente, el sempre tivera unha “certa vocación biográfica, certa vocación de testigo”, que daba conta dun pasado que aspiraba a construír unha Galicia nova, unha “república campesina” que agromase cada primavera. En Otero intuición e memoria, compromiso coa Terra e metáfora literaria son armas constantes do seu traballo intelectual.

A obra do señor de Trasalba foi, en toda a fartura da súa linguaxe e en toda a diversidade dos seus rexistros literarios, o resultado de quen se sinte ser o dono da memoria dunha terra e dun país. Dono das lembranzas de tempos idos, de sentimentos transmitidos na intimidade da vida familiar, pero tamén de percepcións adquiridas na toma de conciencia da súa posición, como intelectual e como membro dunha clase social de fondas raigames. Porque para Otero Pedrayo o pasado non era un país lonxano e vezizo, habitado por seres mudos ou atacados do reuma. O pasado era o xuntoiro de experiencia persoal, de tradición de xínea familiar e de construción do intelectual que procura nos tempos pretéritos a forza cernil dos tempos futuros. Unha mestura de contos da aboa, de relatos románticos do pai e de descubertas propias, ao estilo do Adrián Solovio. Memoria persoal, memoria familiar,

memoria intelectual, todo se refai na polifacética obra de Otero Pedrayo, desde a análise xeográfica dunha parroquia ata os romances máis ilustrados, con protagonistas que norean por media Europa, desde o castelo de Combourg que fora a morada dos Chateaubriand ata o mosteiro de Cluny, onde o abade Hugo acolle ao bispo Xelmírez na súa viaxata a Roma na procura da grandeza para a sé de Compostela. Toda a historia de Galicia, aquela que Murguía reputaba ser, desde o século XII, unha historia de adversidades e de derrotas, está contada dunha ou doutra forma na prosa, en galego ou en castelán, dun autor que, en cada arruga da súa pel, descubría pasos dos devanceiros, ansias non satisfeitas e ledicias non sempre correspondidas. Historia contada desde o recuncho de Trasalba como un quiñón importante da cultura de Occidente. Unha versión precoz do local universal.

